

Querido Xabier:

O Teniente de Intendencia, había nacido en Os Peares, "O Pobo dos Tres Ríos" entre Ourense e Monforte, donde hay unha Estación de f.c. de este nome e unha presa importante no Río, creo Sil.

Alí se xuntan O Río Sil que leva as augas, o Río Cabe que antes pasa por Monforte e verten no Miño.

Chamábase Jerónimo Vázquez Gómez, o que comenzou sendo soldado, non sei si voluntario ou de reemplazo. Nos reuníamos na súa vivenda de Linares Rivas, pero como eran clandestinas e nos veciños empezou un ruxe, ruxe e o SIM (Servicio de Información Militar) nos tiña controlados a todos, se suspenderon alí. Se utilizou dende o ano 1939 a o 1942/43. O cambear de sitio non foi ningun problema, xa que tiñamos o mesmo tempo uns cantos sitios mais, como eran na Calle da Torre, 82 na casa de Xulio Rey, Xerente de "Calzados Segarra" na Calle Real. Tamen o mesmo tempo na Calle Caballeros nunha casa dun follateiro, que estaba pola parte alta da antiga Estación da Coruña, se apellidaba Sr. Melón e en outros mais que nos concertábamos previamente.

Eu cheguei a Pontedeume o ano 1941 no mes de Agosto, solteiro e aproveitaba todos os momentos que tiña libre para ir A Coruña, Bañobre (Miño), As Viñas (Paderne). No Concello de Cabanas a Laraxe, A Casa do Gata-Gata na Pena, Cardeita e Soaserra, donde había varias casas en que celebrábamos os Cultos. Rodeados algunhas veces con forzas armadas e escapados que andaban tan armados uns como os outros e se temían. Subía a pé, xa que as pernas eran o único vehículo que había, cando conseguía ser relevado por o Xefe da Estación. Algunhas veces de noite, antes de Lavandeira tomaba o carreiro que atravesaba dende a Casa de Carbón, entre toxos de mais de dous metros de altura, guiado pola claridade do ceo, como facían todos os que circulaban por él de noite, con pachuzo ou sin él. Dormía na "Casa dos Zacotos" ou na casa de Ramón Rico dos Lamas. Os Cultos, xa que a Capilla Evanxélica estaba cerrada, se facían nas casas ditas e na da Sra Luisa a de Menor, na da Sra Esperanza ou na do Señor Domingo Martínez, según convira.

Na da Sra Luisa de Menor, que tiña unha porta polo camiño e outra pola parte traseira, tamén tiñamos que velas cos escapados, que discutían contra as relixións, com le díctaba o marxísmo. Un dos xefes era o seu fillo Manoel, que logrou escapar a Francia e despois foi para Venezuela e topou bos contratos de electricista na construcción da Universidade en Caracas, aprendido no monte coas leccións da Escola MAIMO de Barcelona.

Penso que moito do que che digo, xa o sabías.

E no Axuntamento e Parroquia da Capela o Lugar de Xasén na casa dun Caminero (ou Lagoeiro, como se chamaban oficio que dasapareceo), de estrada de Cabanas as Pontes, que se chamaba Ramiro Piñeiro e a súa muller María Piñeiro, (que teñen un pequeno panteón no Cementerio Veciñal de A Capela, donde nas suas tapias hubo tantos asesinatos, mortos como constan no Registro Civil de Defunciones: "por herida de vala". Tamen na Parroquia de A Capela a Casa da Sra. Antonia, nos Calzados. En Pontedeume iba a Ombre, Lugar do Peteiro, casa de Feal, e de Xesús, e en Altos de Ombre o lugar de Cunturíz, que entón aínda falaban que habíase chamado "Parroquia de Breamo".

Un abrazo

Molares,